

RESOLUCIÓN pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (Praza núm. 2).

Por Resolución do 23 de outubro de 2023 (DOG núm. 207, do 31 de outubro de 2023) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (praza núm. 2)

O artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Moisés Canle López, catedrático de Química Física na Universidade da Coruña.

Vogais:

Jorge López Beceiro, profesor titular na área de Ciencias dos materiais e Enxeñaría metalúrxica do departamento de Enxeñaría Naval e Industrial na Universidade da Coruña.

Javier Montenegro García, Oportunius Research Professor na Universidade de Santiago de Compostela.

María Belén Montero Rodríguez, profesora titular na área de Física Aplicada na Universidade da Coruña.

Elena Pazos Chantrero, profesora contratada doutora na área de Química Orgánica e investigadora Starting Grant e "Ramón y Cajal" na Universidade da Coruña.

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado en Santiago de Compostela na data que consta a marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

